


Uxío Novoneyra, fillo de labregos, naceu o 19 de xaneiro de 1930 na pequena aldea de Parada de Moreda, en plenas montañas do Courel, en Lugo.

Estudou o bacharelato na cidade de Lugo e posteriormente trasladouse a Madrid para comezar a carreira de Filosofía e Letras. E é nesta cidade onde publica os seus primeiros poemas, na revista universitaria «Bengala». Estes primeiros poemas están escritos en castelán.

No ano 1952 volta a Galicia e entra en contacto con diferentes intelectuais galegos de Santiago de Compostela: Ramón Piñeiro, Otero Pedrayo, Manuel María... o que o leva a tomar conciencia galeguista e a escribir, xa a partir de entón, exclusivamente en idioma galego.

Casou en 1973 con Elva Rei, á que coñeceu durante a súa estada en Lugo, e coa que tivo tres fillos: Branca-Petra, Uxío e Arturo.

Durante un tempo vive entre Lugo e O Courel ata que se establece definitivamente, dez anos máis tarde, en Santiago de Compostela. É nesta cidade onde é elixido Presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, cargo que vai exercer ata a súa morte durante dezasete anos consecutivos.



Uxío é autor de numerosos libros de poemas: «*Muller pra lonxe*», «*Do Courel a Compostela*», «*Poemas caligráficos*»..., sendo o máis coñecido e máis representativo da súa obra o que leva por

título «*Os eidos*», nos que recompila toda a súa poesía relacionada co Courel.

Escrebiu tamén tres contos para os máis pequenos: «*Gorgorín e Cabezón*», «*Ilda, o lobo, o corzo e o xabarín*» e «*O cubil do xabarín*».

Faleceu en Santiago de Compostela un 30 de outubro de 1999.

Este ano 2010 a Real Academia Galega adícalle o 17 de maio, Día das Letras Galegas, como recoñecemento ao seu tra-

ballo a prol da lingua e a cultura galega.



Uxío Novoneyra co seu amigo, o poeta Manuel María. Santiago, 1998

LENDA DE ALFONSO II

ERAN seis os cavaleiros
seis os cavaleiros seis
os pares entre primeiros
os que cambean os reis.

De Mogoxe a Sobredo
por Mercurín a Seceda
e pola rota segreda
para as Asturias de Oviedo.


Eran seis os cavaleiros
seis os cavaleiros seis
os pares entre primeiros
os que cambean os reis.

Posto en morada escondida
en terra tan arredada
¿cómo a súa estada?
¿cando a súa partida?

Sen escolta n-escudeiros
polo Courel sól-os seis.

Uxío Novoneyra


POEMA CALIGRÁFICO



*Sobor das barcas
as mulleres, o viño
as viandas...*

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

17 DE MAIO
2010



UXÍO
NOVONEYRA
(1930-1999)



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA